


“INSTRUMENTOS HUMILDES”

1.-Contido

Obradoiro que permite o coñecemento dos múltiples recursos susceptibles de orixinar sons musicais.

A)Obradoiro teórico-práctico no que se aborda:

- ✓ Clasificación dos instrumentos: idiófonos, membranófonos, cordófonos, aerófonos.
- ✓ Breve historia dos instrumentos.
- ✓ Variedade nos modos de tocar cada instrumento.
- ✓ Variedade nos ritmos (Alalá, Muiñeira, Alborada, Pasacalles...)
- ✓ Distintos momentos de uso (festas, foliadas, comparsas...)
- ✓ Execución de mostras do cancionero popular (Coplas, Nanas...)
- ✓ Achegamento aos instrumentos doutras culturas



B) O discurso do monitor leva a agrupar os instrumentos en:

- ✓ Obxectos construídos co fin de tocar.
- ✓ Obxectos de uso cotiá utilizados como instrumentos.
- ✓ Xoguetes sonoros ou que imitaban instrumentos.

2.-Desenrolo

Agrúpanse os instrumentos segundo a finalidade do seu uso primitivo.

1º grupo: instrumentos construídos co fin de tocar, como a pandeireta, castañolas, tarrañolas, etc.


2º grupo: obxectos de uso cotiá que se poden utilizar como instrumentos, como a botella de anís labrada, culleres, dedais con pota ou prato, etc.

3º grupo: xoguetes ou enredos sonoros que imitaban instrumentos. Carrizos, roncollo, lapeta, reque-reque... Breve historia da súa fabricación e finalidade.

O obradoiro remata coa confección dalgún sinxelo instrumento por parte de cada participante.

3.-Soporte didáctico

- ✓ Instrumentos de son
- ✓ Útiles de uso cotiá cos que producir sons
- ✓ Xoguetes e “instrumentos” da natureza
- ✓ Instrumentos doutras culturas: mostra representativa
- ✓ Monitor guía
- ✓ Proxección audiovisual



Trátase dun obradoiro no que, tanto o seu contido como execución, adáptase, tanto en extensión, como en nivel de información e actividades complementarias, ao grupo visitante.



RELACIÓN DE INSTRUMENTOS EMPREGADOS

<p><u>INSTRUMENTOS MUSAICAIS</u></p> <p>PANDEIRA/PANDEIRO/PANDEIRETA CASTAÑOLAS CASTAÑOLA DE CANA OU TARABELA. TARRAÑOLAS SISTRO CHARRASCO BIRIMBAU TAMBOR ZAMBOMBA FRAUTAS APITO DE AFIADOR CUNCHAS DE VIEIRA CAMPÁS</p> <p><u>OBXETOS DE USO COTIÁ</u></p> <p>LATA DE PEMENTÓN BOTELLA LABRADA DE ANÍS. CULLERES DEDAIS CON PRATO OU POTA. FERRAMENTAS: LEGÓN, CINCEL, FOUCE</p>	<p><u>XOGUETES/ SONS DA NATUREZA</u></p> <p>RECLAMOS CANAS CARRIZO RONCOLLO OU ABESOIRO REQUE-REQUE RIN-RAN OU CREBANOCES AXÓUXERE DE VIMBIO LAPETA DE MILLO CARRACA, TRECOLA, TRASTARABÁS, RELO. ZOADEIRA DE BOTON, TABLIÑA OU NOZ MIRLINTÓN CURUXA CANTAGALOS ASUBÍOS DE FURADOS DE BUGALLAS/PEDRAS CHIFRE DE CANAS CORNOS/CORNETA BUGUINAS PITO DE VARA TOBA PIÑAS</p> <p><u>INSTRUMENTOS DO MUNDO</u></p> <p>MOSTRA DE INSTRUMENTOS HUMILDES DOUTROS LUGARES DO MUNDO.</p>
--	--

OBRADOIRO DE INSTRUMENTOS HUMILDES

Dirixido a: Grupos de nenos ou adultos, adaptándose ás distintas franxas de idades.

Espazo : Salas do Museo Liste ou finca circundante.

Duración: 60 minutos.

Monitor: María José Martínez

Prezo: 40 € por grupo.

É precisa a reserva previa: máximo de persoas por grupo: 50

